CONCELLO DE TABOADA
ÁREA DE IGUALDADE, BENESTAR E SANIDADE

# INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN

<table>
<tr><td>Nº de inscrición:<br>(a cubrir pola administración local)</td><td>Nome e apelidos:</td></tr>
<tr><td>Data de nacemento:</td><td>Idade:</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Dirección:</td><td>Teléfono:</td></tr>
<tr><td>E-mail:</td></tr>
<tr><td>Mes para o que solicita praza:<br>☐ Xullo.<br>☐ Agosto.<br>☐ Xullo e agosto.<br>Observacións respecto ás datas de asistencia:<br><br>Precisa de servizo de conciliación familiar?<br>☐ Si<br>☐ Non<br>Servizo das 9.00h ás 10.00h e das 13.30 ás 14.00h, ofertado por VELAÍSCA. Prezo 20€ á semana (5€/ día).</td><td>Cuestionario médico:<br>• Padece algún tipo de alerxia?<br>☐ Si<br>☐ Non<br>En caso afirmativo, descríbaa.<br><br>• Padece algunha enfermidade que requira coidados especiais?<br>☐ Si<br>☐ Non<br>En caso afirmativo, descríbaa.</td></tr>
<tr><td>Outras cuestións:<br>• Sabe nadar?<br>☐ Si<br>☐ Non<br>• Algún dato que considere importante?<br><br>• É empadroado?<br>☐ Si (certificado de empadroamento)<br>☐ Non</td><td>Documentación a aportar:<br>• Xustificante bancario/número de conta.<br>• Fotografía recente de tamaño tipo carné<br>• Fotocopia da tarxeta sanitaria ou da mutua sanitaria</td></tr>
</table>

## AUTORIZACIÓN DO/DA REPRESENTANTE LEGAL:

Don/dona ____________________________________________________________,
con DNI _________________ declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que figuran nesta ficha de inscrición son certos e autorizo ao/a menor ________________________________________________________ a participar nas actividades dos Campamentos de Verán organizados polo Concello de Taboada.

En calidade de titular da conta que se reflexa a continuación, dou o consentimento a que o Concello de Taboada, faga o cobro da actividade.

ES_________________________________________________________

Así mesmo, de acordo coa lexislación vixente, en materia de protección de datos, (__) *dou* | (__)*non dou* o meu consentimento para que o/a menor poida ser filmado/a, gravado/a ou fotografado/ a durante as actividades, e para que dito material audiovisual poida ser utilizado para a promoción e difusión dos Campamentos Urbanos de Verán.

Taboada, a ____ de ______________de 2023

Asinado:

CONCELLO DE TABOADA
ÁREA DE IGUALDADE, BENESTAR E SANIDADE

**Benvida/-o!**

Dámosvos a benvida ao Campamento Urbano de Verán 2023 do Concello de Taboada, organizado pola Área de igualdade, benestar e sanidade.

Para o campamento deste 2023 propoñemos unha serie de xogos, actividades e obradoiros para que os nenos e nenas de entre 4 e 13 anos pasen as vacacións dun xeito diferente. Este campamento urbano de mañás terá en torno a 30 prazas para todos os seus participantes dende o 3 de xullo ata o 31 de Agosto. Recomendarase que acudan diariamente coa súas mochilas onde terán a súa propia merenda e a súa botella individual, así como con calzado axeitado para xogar. Nestas xornadas moitas das actividades realizaranse maioritariamente no exterior: en patio exterior, en rutas próximas etc. Combinaremos xogos populares, como pode ser o brilé, a corda ou o pilla; con xogos máis actuais como a búsqueda, a bomba ou a pilla de auga. Tamén faremos obradoiros creativos para, relaxarnos a vez que potenciamos outras capacidades, como o modelaxe de arxila, pintura en madeira e a receita saudable entre outros. Como novidade este ano o campamento de verán contará con un deportista de élite, Daniel Areán, que dará iniciación e perfeccionamento do deporte que el máis coñece e desfruta: taekwondo.

O horario será de 10.00 a 13.30 onde faremos diferentes xogos, actividades e obradoiros para pasárnolo xenial. A ubicación deste campamento será no Pavillón Municipal, non obstante os luns será na Escola de Hípica, os mércores en Ponte Mourulle e os venres na Medela.

Recomendámosvos que traian todos os días:

-Gorra -Botella de auga -Pequena merenda -Crema solar

Sen máis agardamos que todo sexa do agrado das nosas nenas e nenos.

Un saúdo,

Patricia Conde Cobas
Concelleira de igualdade, benestar e sanidade.